



Beyond Amnesty

(ALÊN DA AMNISTIA)

Título orixinal: *Beyond Amnesty*

Autoría: Anónima

Traducen, maquetan e editan:

Distribuidora Anarquista Polaris

<https://distripolaris.noblogs.org>

distripolaris@riseup.net



: @distripolaris



Editora anarquista Abordaxe!

<https://abordaxe.org>

abordaxe@bastardi.net

Tradución ao galego realizada a partir da versión en castelán publicada orixinalmente por Psiquiatrizadxs

En Lucha / Primera Vocal (arquivo virtual de textos e materiais sobre saúde mental e revolta)

<https://primeravocal.org>

Ningún dereito reservado. Comparte e difunde sen ánimo de lucro.

Galiza · Derradeiros petricores do outono. Decembro 2019.

...

Neste texto empregamos o feminino xenérico para referirnos a plurais ou palabras neutras. Non é a nosa intención dar prioridade a ningún xénero nin reafirmar necesariamente unha dualidade, senón simplemente facilitar a lectura. Agardamos que isto non faga sentirse invisibilizada ou incómoda a ningunha persoa.

Imaxe de Portada: *Herederos* de Carlos Osorio. Fotografía tomada no psiquiátrico de La Cadellada (Asturies) onde a mediados da década dos '60, en pleno franquismo, déronse diversas experiencias que trataron de transformar radicalmente a psiquiatría, a relación coas pacientes e a propia condición destas:

<https://www.atlanticaxxii.com/antipsiquiatria-la-cadellada/>

Imaxe acompañando ás palabras das tradutoras: *Merci* por Matamua Design: <https://matamua.es> (moitas grazas por deixarnos usar o deseño e pola amabilidade na comunicación).

Ilustración do dorso da contraportada: Autoría descoñecida. Extraída do nº 9 da revista "Infierno: Publicación anárquica por el desmadre y la revuelta": <https://vivalaanarquia.es/pivblogs.net/files/2013/05/infierno9.pdf>

Ilustración da Contraportada: Autoría descoñecida. Tirada directamente da edición en castelán do presente texto (antes citado).

Palabras das editoras

"Por eso hay en mis noches voces en mis huesos, y también visiones de palabras escritas pero que se mueven, combaten, danzan, manan sangre, luego las miro andar con muletas, en harapos, corte de los milagros de a hasta z, alfabeto de miserias, alfabeto de crueldades... La que debió cantar se arque de silencio, mientras en sus dedos se susurra, en su corazón se murmura, en su piel un lamento no cesa."

- "Descripción" (Alejandra Pizarnik)

Repasando recentemente este texto, tras varios anos desde a nosa primeira lectura, e comentándoo con persoas afíns ou próximas, decatámonos de que para moitas delas, *Beyond Amnesty* era un completo descoñecido. Algunhas, simplemente, oíran falar del. Outras nin sequera coñecían a súa existencia. Pode ser que se trate dun cambio xeracional, ou de que a crítica da psiquiatría oficial, e a politización da saúde mental desde unha perspectiva de loita e liberación, siga sendo para moitas persoas (cada vez menos, pensamos) unha temática periférica ou un *tabú*. Ou se cadra non é máis que o resultado de camiños diferentes que non chegaron a cruzarse con esa lectura.

En calquera caso, e considerando ademais que ata o día de hoxe non coñecemos ningunha edición en galego, pensamos que era unha boa idea e unha achega interesante a súa tradución e reedición, buscando tamén con iso reactivar a súa circulación e debate.

Escrito nun estilo a medias entre un diario persoal e un florilexio de datos técnicos e referencias estatísticas, *Beyond Amnesty* pretende ser unha aproximación á escura conexión entre o inaceptable estilo de vida das sociedades capitalistas posindustriais e a autolesión, e, en xeral, o absoluto deterioro da saúde mental das persoas que habitamos nas urbes dos países occidentais. A través das experiencias da autora, o texto disecciona o trauma, a violencia, e o estado de ansiedade e tensión que a atravesan na rúa, nos movementos sociais, nas accións, e a súa visión da rebelión e a (auto)destrución como derradeira escapatoria perante o que describe como *"unha sensación política e emocional de estar sitiada, de estar baixo ocupación"*.

Avisamos ás lectoras: *Beyond Amnesty* é un texto que consideramos fundamental e único, pero tamén moi duro, e narra vivencias que poden resultar perturbadoras ou afectar ás persoas receptoras. Son historias que pensamos que deben coñecerse precisamente polo seu potencial para conmover, sacudir e doer, e valoramos o exercizo de empatía ou a curiosidade que te levaron a ter este libriño diante de ti, pero aconsellamos ler con cautela.

Ás que quixeron loitar pero non puideron atopar as forzas.

Ás que loitaron pero perderon, e agora bérzanlle ao baleiro pechadas con chave nas soidades insonorizadas da normalidade burguesa.

Ás que agochan cicatrices, e ás que fan das súas cicatrices trincheiras na guerra contra a mercadoría.

A todas elas...



“Se unha non sabe como falar é porque unha non sabe que dicir e viceversa. E unha non sabe como falar e que dicir porque todo foi banalizado, reducido a mero símbolo, a aparencia. O significado, que foi considerado unha das grandes fontes para a revolta, unha forma de enerxía radiante, foi erosionado. Rompérono, moérono e pulverizárono... Que di unha? Que fai unha no medio dun deserto? Desposuída de palabras para expresar a raiba polo sufrimento que se viviu, desposuída de esperanza para superar a angustia emocional que devasta a existencia diaria, desposuída de desexos cos cales loitar contra a razón institucional, desposuída de soños cara aos cales dirixirse para varrer a repetición do existente, moitos suxeitos barbarízanse na acción. Unha vez que a lingua se paraliza, as mans tremen por achar alivio á frustración. Inhibido de manifestarse, o impulso cara á alegría de vivir trastórnase, transformándose no seu oposto, o instinto de morte. A violencia estoupa e, ao carecer de significado, maniféstase dun xeito cego e furioso, contra todo e contra todas, trastornando calquera relación social. Onde non hai unha guerra civil, están as pedras que se lanzan dende as pontes ás autoestradas ou os asasinatos de país, amigos ou veciños.”

Bárbaros: A Insurxencia Desordenada (Crisso e Odoteo)

Ás veces píllome rindo... e o son da alegría no espazo morto e amurallado que é o mundo civilizado queda atrapado na miña gorxa.

Será provocador ou polémico dicir que hai veces en que quixese ter un inimigo visible. Que a miña alma anhela ser unha guerrilleira, unha insurxente, vivir unha insurrección. E, con iso, que tamén acepto que as miñas amigas ou eu poderíamos resultar feridas, encarceradas ou mortas na batalla, pero que farémolo cunha alegría de liñas claramente marcadas e a sensación de que algo mellor que isto poida chegar. O meu corpo desexa loitar e ceibarse. Moverse. Gabear. Bailar. Facer o amor. Atravesar e ir alén. Correr. Esnaquizar.

Quero vivir entre xente que é consciente de que vivimos en guerra. Unha guerra contra a vida. Contra o espírito. Quero vivir entre xente que non se mire ás mans nin evite a túa mirada cando fales de loita ou insurrección porque, no fondo, saben que claudicaron, e porque - se cadra, só se cadra - nunca odiaron realmente o sistema. Entre persoas que non fosen mercadas. Que non comeron as pastillas que lles ofrecían porque preferían loitar coa súa sensación de angustia patoloxizada que vivir na zona morta. Que non finxen estar a loitar cando é obvio que o que están a facer é converter un campo de batalla nun xardín. Quero estar nun lugar onde a guerra sexa admisíble.

Atópome con alguén a quen non vira en 5 anos. Falamos sobre xente que coñecemos e xente que non, como lles vai, que fan. Moitas delas están quebradas. Deprimidas, perdidas, ao bordo. Algunhas suicidáronse. Outras asentáronse e están satisfeitas, establecendo un compromiso emocional co sistema porque, como un amigo escribiu, se fose doado non o chamarían loita, e algunhas veces cánsaste demasiado de loitar contra a pantasma.

Non precisas unha pistola para matar a alguén.
Non precisas ladrillos para facer un cárcere.

Quero un inimigo que non sexa eu, que non sexan os inimigos nos que convirto as miñas relacións.

Quero que a miña sensación de tensión e belicosidade – a miña sensación política e emocional de estar sitiada, de estar baixo ocupación – reflíctase no exterior. Alguén dixo unha vez que ir a Palestina era un acougo porque, de súpeto, a realidade exterior ía parella coa súa experiencia emocional cotiá no Reino Unido (RU): unha situación de crise. E eu tamén sinto isto. En disturbios, en grupos, en accións. Onde vivo, o inimigo é tan grande que engloba todo, incluso a min mesma. Non hai esperanza alén desta realidade. Despois de todo, este é un lugar onde a xente vén na procura de asilo. Segue sendo unha terra prometida onde as rúas están pavimentadas con ouro. Como se pelexa contra iso? Non hai ningún dentro ou fóra do sistema. E semella que non hai saída.

Un dos sucesos máis conmovedores para min nos últimos anos foron os disturbios de París, ou polo menos as novas que lin sobre eles. Un rapaz describía a súa raiba, o seu berro de rexeitamento. Moitas non podían entender as súas accións, queimara os coches das súas amigas, esnaquizara o lugar no que vivía. Estaba confuso? Non o creo. Para el non había futuro, nin ningunha esperanza de cambio, así que esnaquizou o que odiaba. A súa vida. Do mesmo xeito que os suicidios e autolesións “sen sentido” que teñen lugar cada minuto no RU e no resto do mundo, foi un acto de raiba, desafío e tristeza. Foi un intento de ser efectivo, aínda que o acto en si mesmo poida semellar inútil e caótico.

Algunhas veces o único que nos queda é berrar coa esperanza de que algo se faga anacos.

Estou a tentar entender a política da violencia autoinflixida no RU e, coma sempre, a miña escritura é un pensamento estendido, unha idea, unha perspectiva, unha intuición, un traballo en curso e, por suposto, está baseada na miña propia experiencia e posición dentro da vida e a sociedade. Algunhas veces, cando estou mellor, síntome moi lonxe das ideas que aquí exploro. E entón volvo tropezar, a miña habilidade para erguerme decae e volvo estar no máis escuro dos lugares; é alí onde naceu este texto, e é alí onde volve ter sentido. Así que toma del o que queiras, onde sexa que te atopes.

O que orixinalmente me inspirou a escribir foi sospeitar que a idea de que somos unhas privilexiadas por vivir nun estado capitalista avanzado como o RU persiste mesmo entre aquelas que consideran que teñen unha postura política radical, ou sexa, anticapitalista e/ou antiestatista. Isto revélase nos comentarios máis casuais, pola insistencia dalgunha xente cando falamos acerca de saúde mental e da vida no RU, en que non podo comparar o vivir aquí con vivir no Terceiro Mundo ou nun país en desenvolvemento. Hai indignación. Hai unha certa postura... defensiva. Como me atrevo sequera a comparar estas cousas? E tamén me sinto un pouco incómoda co que estou a escribir porque, aínda que non estou a tentar establecer unha comparación, a propaganda do privilexio tamén botou raíces en min. Claro está, podes ter un posto privilexiado dentro do marco de referencia dun sistema particular, por exemplo, ser un home branco con cartos é moi distinto a ser un home negro e pobre nunha sociedade capitalista. Pero isto é distinto a pensar que de todos os posibles sistemas sociais, políticos, espirituais, emocionais e económicos dos seres humanos, no RU creamos o sistema no cal somos quen de acadar o noso potencial humano e satisfacer as nosas necesidades e desexos.

Non quero facer ningunha comparación de experiencias, nin infravalorar os horrores, a pobreza,

e a loita da xente noutros países... tampouco glorificalas. Está claro que hai xente doutros países que arrisca a súa vida para chegar aquí e, algunhas veces, atopa refuxio doutros sistemas políticos e unha mellor calidade de vida e saúde. Con todo, creo que é posible e vital sinalar o impacto que ten sobre a nosa humanidade, liberdade e saúde o vivir nunha sociedade capitalista, tecnoloxicamente avanzada e de alta-vixilancia, e tentar desafiar calquera noción de privilexio, sen entrar nunha competencia entre mundos, entre experiencias en diferentes escenarios do capitalismo global.

Se non o facemos, a xente de aquí sempre loitará por “*a outra/o outro*”, debilitando a resistencia xenuína, facendo que as expresións de solidariedade agochen un sentido astuto de “*que sorte temos*”, de paternalismo, e vólvanse unha escusa para non impulsar a loita de aquí. Hai centos de persoas nunha noite de solidariedade con loitas latinoamericanas, pero só vinte nun evento de apoio a presas encarceradas como consecuencia de loitas en Occidente.

Creo que a pouca saúde mental dunha gran parte das británicas desmente calquera idea de que exista un bo sitio para estar no capitalismo. Os problemas de saúde mental son pandémicos, pero eu só sei como é medrar e vivir aquí, así que este é o lugar que analizarei. A depresión é unha das principais causas de morte en Occidente. Onde eu vivía, no nordés de Leeds, dunha poboación de 170.000 persoas, aproximadamente o 25% sofre ou sufriu nalgún momento (é dicir, buscou axuda) problemas de saúde mental. Son moitas.

A primeira cousa que quero facer ao despertar é destruír as paredes...
... a segunda é destruírme a min mesma.

Á beira da miña cama hai un gráfico pendurado na parede. Amosa cantas pacientes foron atendidas no departamento de urxencias deste hospital nos últimos 6 meses e a razón pola que foron ingresadas. Só neste hospital de urxencias case 1600 persoas chegaron tras autolesionarse.

Centos de milleiros de persoas autolesiónanse cada ano no RU e estímase que alguén se quita a vida nesta illa cada 82 minutos. O despotismo dos modelos biomédico, farmacolóxico e psicoterapéutico de saúde mental continuará a tentar persuadirnos de que o problema está dentro de nós, como individuos, como organismos desaxustados que están a fallar. Podo concordar con isto, en canto a que as nosas condicións existenciais teñen un efecto devastador na nosa saúde física e mental: nutrición pobre, ambientes estresantes, relacións inestables, polución (aire, luz, material e barullo), agresións xeralizadas, soidade, traballo e tecnoloxía omnipresente; todo isto dificulta, ao meu parecer extraordinariamente, a nosa capacidade para crear e manter unha boa saúde, un bo cerebro, unhas boas relacións sociais e un bo humor. Pero, por outra parte, creo que a nosa saúde mental, ou a falla dela, é sobre todo unha resposta normal a unhas circunstancias anormais e constitúe, dalgún xeito, a liña de fronte, as trincheiras, na guerra contra a humanidade levada a cabo polo Estado-Nación e a masacre económica.

Hai 23 paredes no meu piso dunha soa habitación. Hai 6 xanelas, 4 delas permiten que entre algo de luz, todas están perante máis paredes. Hai teitos e chans. Hai 4 pisos no meu bloque, sen contar os 2 baixos. Case nunca vexo á xente que vive neles. Hai unha porta eléctrica pesada que dá ao corredor de entrada comunitario, flanqueado por paredes de ladrillos, cuberto por unha fina alfombra desgastada e que remata nunhas estreitas escaleiras de metal. O bloque, como un día bromeou un policía que viña determe tras dar comigo, é unha fortaleza.

Saio do meu piso para ir pasear, acudir a citas e asembleas ou para tomar un café coas amigas. Algunhas veces nin saio. Non teño ningunha razón para facelo. Ou ningunha motivación. Estou deprimida. Suicida. Atopo actividades para ocupar o meu tempo. Cando saio do piso, estou rodeada por barullo, xente, edificios, tráfico, malos cheiros, cámaras e uniformes; policía, oficiais de apoio á comunidade, axentes peonís, axentes de tráfico, seguratas, condutores de autobús, oficinistas, cibergóticos e emos, canis, antifascistas, ionkis, pais, anarquistas, hippies. Nunca vexo o horizonte, case nunca vexo a lúa. Nin as estrelas. Hai un pequeno espazo verde pero está apartado e polo visto teño adicción á miña gaiola. Lembro que cando era nena tiveron un hámster. Pasábase case todo o tempo tentando cavar un túnel nunha esquina da gaiola para atopar a liberdade, así que saqueino dela. Non demorou nin un segundo. Dirixiuse directamente a unha esquina da habitación e seguiu cavando. Non se deixaba enganar pola gaiola máis grande. Son como un can atado a unha cadea, pódome apartar un pouco pero o arnés ao redor do meu pescozo volve tirarme cara atrás para lembrarme que hai limitacións, que a única revolución na miña vida é a súa circularidade implacable. Que teño unha circunferencia, que non son libre, non importa canto tente convencerme a min mesma de que teño o control, de que podo causar efecto. Esmágame a ilusión de poder escoller. Síntome obrigada a ter que escoller entre un millón de tipos de laranxa cando, en realidade, o que quero é unha mazá. Non cabe dúbida de que a vida está feita para vivila con urxencia, con imperativos ou, polo menos, con algún significado que veña dende fóra da miña propia invención. Non cabe dúbida de que eu non debería estar a me preguntar en que momento escollerei a morte...

O meu sentido do olfato mudou, é máis agudo pola fetidez da civilización. Madreselva e xofre. Perfume e mexos. O fume dun autobús como se alguén me esmagase a cara contra unha alfombra vella. Como unha epiléptica antes do seu ataque, alertada polo cheiro de peras ou amendoas, inmovilízame para que non loite. Mordéndome a lingua porque se comezo a berrar nunca pararei.

Pénsase que as autolesións son a segunda causa de ingreso nas salas de urxencias do RU (a primeira son os “accidentes”). A definición de autolesión intencionada (*Deliberate Self-Harm*, ou *DSH*) refírese a comportamentos de violencia autoinflixida como cortes, inxestión de substancias tóxicas (incluídas as sobredoses de droga), queimaduras, cabezazos contra as paredes, tiróns de pelo e intentos de suicidio. Outros comportamentos arriscados máis aceptados socialmente e máis estendidos como o abuso do alcol, o tabaco, as desordes alimenticias e o sexo sen protección tamén se consideran autolesións, aínda que non se inclúen nas estatísticas.

Entre a pobreza demoledora de Lincoln Green, estou deitada nunha cama de hospital, un lugar de seguranza momentánea, con frío, soa, asustada, avergoñada, consumida pola culpa, desesperada por fuxir da miña propia cabeza. So quero deixar de ser eu mesma. Deixar de estar aquí. Facer algo que rache a miña vida, que a abra e revele algo mellor. Algo máis tolerable. Teño dúas feridas na boneca esquerda, e coiteladas na miña coxa dereita. Supoño que non é normal atacarse a unha mesma. Un doutor con cara preocupada le as miñas notas. *Alégraste de estar viva?*, preguntame. Non moito, respostou. O que sexa. Con tal de que algo mude.

Corto para que as cousas sexan mellores.

As estatísticas de autolesións son problemáticas. A violencia autoinflixida adóitase levar a cabo en segredo, e moitos casos nunca chegan aos hospitais de urxencias. Con todo, un estudo goberamental publicado en 2001 indica que aproximadamente 215.000 adultas no RU poderíanse ter autolesionado nun período de 12 meses, e que máis de 24.000 adolescentes ingresan cada ano nos hospitais por ferirse a si mesmas. Unha vez máis, estas cifras non inclúen a violencia doméstica, o abuso de substancias tóxicas, o suicidio, as desordes alimenticias nin outros comportamentos autodestrutivos. No seu ensaio *A política da tortura: Dispersando os mitos e entendendo aos sobreviventes*, Joan Simalchick escribe que “... o uso sistemático e xeralizado da tortura hoxe en día non ten precedentes... *Amnistía Internacional describe a tortura como a epidemia do século XX*”. No RU semella que hai unha epidemia sen precedentes de autolesións que ofrece, con só mirala someramente, o inqueda panorama dunha cultura caracterizada pola violencia sistemática e xeralizada, pero, neste caso, autoinflixida.

A violencia autoinflixida é un tema complicado e moita xente non o entende, mesmo entre as que a levan a cabo. Tamén hai xente que manifestará públicamente non entender estes actos mentres en privado autoférense, ou adóitanse a outras formas de autoabuso socialmente máis aceptadas, algunhas das cales foron historicamente instituídas polos gobernos e a industria co obxectivo concreto de establecer un control social e beneficiarse del. As máis coñecidas son o alcol, as drogas (as recreativas e as receiptadas) e o tabaco.

A autolesión adóitase explicar como unha necesidade de control, comunicación e castigo. Do mesmo xeito, a tortura trata de controlar á individua, forzala a comunicar e castigar á vítima e á súa comunidade. A violencia autoinflixida foi descrita como “*unha resposta normal a circunstancias anormais*”. É un indicador de que non todo está ben no mundo interno de alguén. E o feito de que sexa un problema tan grande dentro da nosa sociedade - xunto cos problemas de saúde mental en xeral - amosa que non todo está ben no noso mundo colectivo. Os animais en cativeiro autolesiónanse, e os seres humanos, sobre todo en Occidente, son cada vez máis propensos a facelo.

Nota de Tradución: Aquí gustaríanos matizar que aínda que decidimos traducir o texto respectando ao máximo o contido orixinal, nós non facemos distincións entre as denominadas “drogas” e o alcol ou o tabaco, que consideramos substancias non só nocivas para os nosos corpos, senón tamén altamente adictivas. De feito, consideramos esa separación parte do problema.

Paréceme que case non existe a necesidade de “desaparecer” persoas, torturalas, someter directamente á poboación a aquelas que a controlan. Fumos adestradas para facelo nós mesmas.

O sistema no que vivimos estivo desenvolvendo e perfeccionando as súas técnicas de control social durante centos de anos: masacres, persecución relixiosa, colonización, patrullas de recrutamento forzoso, aforcamentos masivos, escravitude e servidume, cercamentos de terras e destrución de propiedades colectivas, deportacións, o manicomio, a fábrica, o cárcere, a aula da escola, o fascismo, a sociedade de vixilancia na Alemaña do Leste, onde había un axente da Stasi por cada 50 habitantes (sen contar aos informadores), e, no RU de hoxe en día, un Estado neofascista onde cada cidadá pode agardar que lle filmen con cámaras de circuíto pechado polo menos 300 veces ao día (*“Deámoslles algo que observar”* di unha publicidade ao final da miña rúa), e onde se está a construír unha inmensa base de datos que constituirá os cimentos dun proxecto de tarxeta de identificación que proporcionará acceso a toda a túa historia persoal (perfil familiar, expediente escolar, historial de saúde física e mental, mostra de ADN, escáner de retina e pegadas dixitais), aos cales poderá acceder calquera autoridade que consulte o teu carné de identidade, e que conterá tamén un perfil das túas actividades, como a cantidade de alcohol que mercas ou deixas de mercar.

Gran Bretaña está fundada na violencia, o exterminio e a tortura: cara a terra, cara outras especies, cara individuos e comunidades. E antes de que o imperio saíse a conquistar o mundo, tiña que conquistar á xente dentro das súas propias fronteiras. O sistema no que vivimos baséase no xenocidio e o cercamento. Algunhas teóricas definen hoxe a nosa transición dunha vida baseada na natureza a outra dependente da agricultura, a industria e a tecnoloxía como un *“trauma orixinal”* cuxo resultado psicolóxico e unha nación poboada por xente que padece un trastorno por estrés postraumático como forma de vida.

Algúns destes sucesos aconteceron hai tanto tempo que xa non os lembramos. Pero estamos rodeadas das súas consecuencias. E aquí, o goberno, as educadoras, as institucións e as que sacan proveito aprenderon leccións valiosas da historia e conseguiron un perfeccionamento do control social que fai da resistencia un acto complicado: porque os perpetradores de violencia xa non son tan obvios, xa non é directamente o Estado senón nós contra nós mesmas.

Chelis Glendinning fala sobre o trauma orixinal que sufren todas as persoas que se criaron en Occidente. O trauma orixinal é un pesar profundo: perda de lugar, de persoas, de propósito. Imaxina estar sumida nun ciclo eterno de angustia. Disforia. Non tes que imaxinalo, vivímolo. A que distancia está a túa familia biolóxica? Con que frecuencia védesvos? Cando as perdiches ou cando te deixaron? Cantas persoas da tua “familia escollida”, é dicir, das túas amigas, viven nun rango de 200 kms dende a túa casa? Con que frecuencia védesvos? Cantos campos nos que adoitabas xogar ou pasear foron cercados ou están urbanizados? Cantos amantes tiveches e perdiches? Podes chegar a establecer unha relación sen necesidade de preguntarte como e cando rematará?

En cantos lugares vivistes e de cantos te fuches? Como de asustada te sintes? Como de perdida? Cantas veces viviches un sentimento profundo de propósito colectivo e despois, sen que ti puideras impedilo, mudaron os tempos, a xente ou ti mesma e atopácheste de novo soa e sen propósito?

Non deberíamos ter que sufrir tanto. Ou si?

Son un bebé, unha nena, unha rapaza pequena. Vivimos nun pobo naval sórdido, os meus avós viven en Londres. Vémoslos con bastante regularidade, pero cando se van a casa agárrome a eles e berro. Non quero que se vaian. Comezo o colexio. Deixo o colexio. Empezo noutro. Amigas distintas. O meu irmán vai a un internado, págao a Marina. Bótoo de menos. Abusan sexualmente de min e perdo o meu corpo. Deixo o colexio. O meu pai vaise. Nunca volvo saber del. Tento aforcarme. Entro a outro colexio. Amigas distintas. A miña nai volve casar. Pérdoa. Unha avoa morre. O seu marido volve casar e múdase ao norte. Nunca volvemos saber del. Deixo o colexio. Vou ao instituto. Tento matarme. Entro na Universidade. Amigas distintas. Cidade diferente. Amo a alguén. Rompemos. Intimidade, despois silencio. Deixo a Universidade. Múdome de pobo en pobo. Amo a alguén. Perdémonos a unha á outra. Mudo de pobo. Mudo de pobo. Mudo de casa. Mudo de pobo. Intimidade. Retiro. Mudo de país. As mesmas amigas. En diferentes lugares. Amo a alguén. Rompemos. Mudo de cidade. Amigas en diferentes lugares. As amigas múdanse. Eu múdome. Conexión. Retroceso. Esperanza. Medo. Aniquilación. Alienación. Estou nun alxube. Estou nunha prisión. Estou nun hospital. Estou no traballo. Estou no meu piso. En ningún lugar me sinto ben. Sinto que ningún lugar é seguro. Ninguén é seguro. Ninguén me senta ben. Non me sinto segura. Non me sinto ben. Non quero estar soa, pero as miñas relacións semella que só me fan dano. Non sei como amar, nin a min mesma nin ás outras. Non sei como deixar que me amen. Non sei como vivir. E sigo fodéndoo todo.

Unha breve comparación entre as técnicas de autolesión e as técnicas oficiais de tortura dá que pensar. E a autolesión é máis frecuente entre a poboación máis exposta á tortura: mulleres e nenas, as súas familiares, presas (a incidencia de autolesións entre homes presos é igual á das mulleres “ceibas”), grupos étnicos oprimidos, calquera persoa que sufrira violencia sistémica e sistemática. Hai máis homes que se suicidan de xeito efectivo, pero tamén hai máis homes que mulleres que morren en combate.

Analizar as razóns e as funcións sociopolíticas da tortura, as súas definicións e técnicas e as consecuencias para a vítima e as comunidades involucradas, é, ao meu xeito de velo, un camiño útil e revelador para entender a violencia autoinflixida nas economías capitalistas como o RU.

A función sociopolítica da tortura é rachar o poder da individua. É un xeito de desartellar a vontade psicolóxica da vítima e de crear unha cultura do medo, non só na individua torturada, senón tamén na comunidade da que se podería extraer a próxima vítima. O torturador poucas veces quere matar. É un medio para o control social e as vítimas da tortura son a súa ferramenta.

As técnicas empregadas polo torturador abranguen un amplo abanico de posibilidades. Inclúe malleiras, feridas de corte ou punzantes, queimaduras, electrocución, experimentación forzada

extracción de extremidades ou tecidos, condicións físicas extremas, tortura sexual, tortura mental (ameazas, execucións simuladas, peches en soidade ou privación sensorial). As técnicas de autolesión son parecidas.

“Córtaste con coitelos, coitelas, vidros rotos, agullas, cravos, clips, pins, tesoiras, chatolas, calquera cousa que caia nas túas mans? Golpeas a túa cabeza contra as paredes? Dás puñadas contra elas ata que os teus cotenos magóanse ou sangran? Lánzaste contra cristaleiras? Queimas a túa pel ou o teu cabelo? Trágaste pilas para que se abran e o seu ácido te queime por dentro? Golpéaste con obxectos contundentes? Golpéaste no estómago, as pernas, a cabeza? Tentas romper os teus propios ósos? Expós o teu corpo a condicións climáticas extremas sen cubrírte e así ficas insolada, conxelada, arrefriada ou febril? Miras directamente ao sol ata que case che cega? Tíraсте do pelo? Mórdeste ou rabúñaste ata sangrar?”

- Razor (sitio web sobre autolesión)

Un director de operacións da Stasi na antiga RDA (Alemaña do Leste) describe, en relación ás formas de paralizar ás cidadás opositoras, o obxectivo destes procedementos como “desenvolver apatía (no suxeito)... para chegar a unha situación na cal os seus conflitos, xa sexan de índole social, persoal, profesional, de saúde ou políticos, vólvanse irresolubles... suscitar medos nel... crear e desenvolver desilusións... restrinxir os seus talentos ou capacidades... reducir a súa capacidade de acción e utilizar desavinzas ou contradicións ao seu redor con este propósito”. Está claro, o xeito en que actuaban na RDA é bastante diferente do que sucede no RU, pero estas descrições poderíanse aplicar ao estado de saúde mental de moitas británicas hoxe en día. A directiva ‘Zersetzungsmassnahmen’ significa, literalmente, ‘aniquilación do ser interior’ e inclúe a creación de “situacións comprometedoras para eles xerando confusión acerca dos feitos... e enxendrando comportamentos depresivos e histéricos na persoa-obxectivo”. Aquí (no RU) non hai axentes secretos que decidan se podes acceder a un ou outro traballo, casa ou escola. Só hai unha enxeñaría social. Non hai axentes secretos que nos comprometan confundindo os feitos ou enxendrando comportamentos depresivos en persoas-obxectivo. Non hai axentes secretos: só hai un sistema intanxible pero eficazmente opresivo onde o carcereiro é todo aquilo que desexas (e que se nos di que é o que a xente de todo o mundo desexa), todo o que pensas, todo o que te rodea. Hai unha confusión masiva perpetrada polos medios de comunicación e hai unha cultura do medo creada polo goberno e a súa guerra contra o terrorismo, contra a mocidade, contra as sen-teito e as inmigrantes, ademais de polos métodos tradizoais para crear medo a través da imposición de normas culturais como o traballo e a familia nuclear. Alí está a pobre saúde mental de millóns de británicas. Non hai axentes secretos, pero o resultado é o mesmo. Non hai persoas-obxectivo, só unha sociedade de individuos desvencelladas de xeito xeralizado, alienadas as unhas das outras e de si mesmas, fóra de control, fodidas e apáticas, deprimidas ou caóticamente alporizadas.

Aquí, en Gran Bretaña, as cidadás non son torturadas de xeito rutinario. Hai exemplos de violencia evidente cara individuos, perpetrada polo Estado e as súas institucións, en particular, dentro do sistema policial, do sistema de prisións e do sistema de saúde mental, con detención obrigatoria, neutralización farmacolóxica forzada e prácticas como a TEC (Terapia ElectroConvulsiva ou

electroshock, básicamente danos cerebrais) e a neurociruxía (a infame lobotomía, que todavía se practica aquí), pero nada disto sería enmarcado nun contexto de tortura. A maioría da violencia en Gran Bretaña parece ocorrer entre cidadás ou contra si mesmas.

A tortura ocorre en cuartos pequenos, celas manchadas de sangue vixiadas por gardas penais psicópatas. A tortura ocorre en países con ditaduras ou guerras. A tortura refírese á ameaza. Ameaza á nosa integridade: como unha mente, un corpo, unha alma, como unha comunidade. A tortura refírese á creación dunha cultura do medo, círculos de silencio e obediencia absoluta a algo ou alguén que non es ti. Pero, é posible que a sociedade capitalista na cal vivimos non sexa máis que unha vasta cámara de tortura sen lugar fixo que utiliza técnicas psicolóxicas moi avanzadas, tan astutas que chegamos a confundir un estado de tortura cun estado de privilexio?

En calquera lugar do mundo hai xente con cicatrices. Despois de todo, isto é o capitalismo global. En que pensas cando pensas en cicatrices? Pensas nas fotos de pel negra marcada por instrumentos de tortura en ditaduras lonxanas publicadas por Amnistía Internacional? Pensas nas cicatrices nos corpos de mulleres, nenas e homes sometidas a violencia doméstica? Pensas en cicatrices no rostro de homes que pelexaron nun pub ou que foron asaltados ou atacados por rapaces encarapuchados? Pensas no pequeno círculo de vacina na parte superior do brazo de todas as adultas para protexelas das enfermidades da civilización? Algunha vez notaches as cicatrices nos brazos da xente “normal”? Liñas esbrancuxadas estranas e inexplicables que sucen a pel de homes e mulleres de todas as idades. Mira ao teu redor. Veralas. É como quitarse unha venda e volverse sensible a estas marcas e ao que hai detrás delas. As cicatrices non son o privilexio do Terceiro Mundo, de ditaduras evidentes, de zonas de guerra oficial. A guerra contra a vida non ten fronteiras, e sexa cal for o punto do capitalismo en que vivamos, en calquera lugar do mundo en que nos atopemos, por moito que nos digan o privilexiadas ou o desafortunadas que somos, todas estamos feridas e marcadas por ela. Estas cicatrices contan a historia da civilización. Son todo o que precisas saber.

“Hai unha diferenza entre a pobreza no Terceiro Mundo e en Occidente... cando o meu amigo filipino preguntoume por que tanta xente tenta suicidarse aquí, simplemente non souben que responderlle. Para quen nunca a padeceu, a pobreza da nosa cultura é moi estrana... [...] hai outra solidariedade nun nivel máis profundo da loita. Tén que ver co acto cotián de vivir, é a loita contra a alienación das nosas propias vidas.”

- Tirado dun panfleto de Solidariedade Pacífico-Sur

A cada vez máis xente no RU diagnósticaselle un trastorno por tensión post-traumática (TEPT) ou un DESNOS (Desorde de Tensión Extrema sen Especificar, que involucra a exposición repetida e prolongada a experiencias traumáticas). Eu considero que os diagnósticos non reflicten o importante, pero neste caso parécenme útiles. O TEPT adoitaba ser un problema aplicado a sobreviventes da tortura ou de situacións de guerra, ameaza á integridade física ou desastres naturais.

Pero incluso as autoridades psiquiátricas tiveron que admitir que hai moita xente que cumpre os síntomas de TEPT sen ser sometidas ás causas comúns que se lle asignaban (é dicir, non sempre poden explicar os seus síntomas como o resultado dun acontecemento traumático concreto como unha guerra ou un encarceramento), de aí vén o DESNOS.

Abusos a nenas, abusos sexuais, violencia doméstica, ruptura matrimonial, divorcio dos pais, todos son recoñecidos como posibles factores que contribúen ao comezo dun TEPT. Pero todos os síntomas que compoñen o TEPT tamén son comúns en moitas outras desordes mentais: a ansiedade, a depresión e as problemáticas “desordes de personalidade” (calquera personalidade ou comportamento que che marca fóra do consumidor somatizado, con salario, obsesionado cos produtos que pode mercar, conformista e politicamente inactivo), que foron inventados polas compañías farmacéuticas para vender máis drogas e polos psiquiatras e o sistema de xustiza para poder invalidar e extraer da sociedade a todas aquelas que rexeiten someterse.

Teño 12 anos. Un ano despois de que o meu pai abandonásenos. O ano en que a miña nai vólvese tola, rompéndome cepillos na cabeza cada noite por mor da súa frustración, abusando emocionalmente de min, golpeándome, empurrando a miña cara contra a neve porque está enfadada e soa e exteriorizao coa persoa equivocada porque a persoa correcta non a escoitará, deixándome soa porque xa non pode aturar a casa que algunha vez compartiron. Estou de pé baixo o marco da súa porta, é de noite, non podo durmir, estou desesperada por dicir algo pero perdín as miñas palabras. Prégame que me vaia deitar, que a deixe durmir. Non podo moverme. Non podo falar. O meu pai finxe non coñecernos se nolo cruzamos no supermercado ou na praia. Os meus sentimentos xa non contan. Trato de aforcarme, chea de odio e raiba, de amor rebentado, de esperanza rebentada e de confianza rebentada.

Arrástranme ao psiquiatra. Literalmente arrastrada, pataleando e berrando, a través do páramo da Costa Sur, á sombra de buques de guerra, barcos prisión e vellas fortalezas, por debaixo de Portsmouth Hill e as súas instalacións de investigación militar de ladrillo vermello, pasando unha urbanización tras outra de pisos de protección oficial podres e cuarteis navais, baixo a choiva, a un psiquiatra e, dende entón ata hoxe, son eu quen fixo algo mal, hai algo equivocado en min. O meu pai envíalle á miña nai textos sobre análise transaccional e a miña nai deléitase con que o primeiro psiquiatra rexeite recibirme porque fago demasiadas preguntas, forzándoo, ao meu xeito infantil, a mirarse a si mesmo. Son unha rapaza difícil, polo menos iso din. Incontrolable. Demasiado lista para o meu propio ben. Son a miña peor inimiga.

Daquela, que, no noso mundo, podería levar cara a un TEPT ou un DESNOS?

“Os sucesos traumáticos experimentados directamente inclúen, pero non se limitan a, combate militar, asalto violento contra a persoa (agresión sexual, ataque físico, roubo, atraco), ser secuestrada, ser tomada como refén, atentado terrorista, tortura, encarceramento como prisioneira de guerra ou nun campo de concentración, crime, desastres naturais ou causados polo ser humano,

accidentes de coche graves ou ser diagnosticada dunha enfermidade que ameace a túa vida. Para as nenas, os eventos sexuais traumáticos poden incluír experiencias sexuais en momentos inaxeitados do desenvolvemento persoal, sen que necesariamente haxa ameaza de violencia, violencia ou danos. Os sucesos traumáticos presenciados inclúen, pero non se limitan a, observar feridas graves ou a morte por causa non natural doutra persoa debidas a ataques violentos, accidentes, guerra, desastres, ou ter visto inesperadamente un cadáver ou partes amputadas dun corpo. Os sucesos traumáticos experimentados por outras dos cales tense noticia, inclúen, pero non se limitan a, asalto violento á persoa, accidente grave, feridas graves sufridas por unha membro da familia ou amiga cercana...”

- DSM-IV-TR: Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais da Asociación Americana de Psiquiatras, 1994)

Un informe de 1989 estimaba que aos 14 anos, as rapazas en Occidente presenciaron arredor de 11.000 asasinatos en televisión.

Temos máis comida da que podemos comer. Temos acceso a diferentes medios para nos entreter: televisión, cine, radio, a industria musical, Internet, Playstation. As nosas fillas teñen xoguetes e tecnoloxías coas que se manteñen ocupadas. Non nos atacan exércitos, paramilitares ou policía secretas. Podemos transportarnos facilmente dun lugar a outro. Podemos vivir onde queiramos e viaxar polo mundo. Temos educación para todas e oportunidades laborais. Temos diñeiro dabondo para vivir, algunhas máis que outras, pero poucas de nós non temos nada. Temos drogas recreativas para desfrutar e drogas médicas para manernos vivas e deixar de sentir demasiado. A maioría non teme pola súa seguranza física, as nosas casas están protexidas e as nosas prisións están literalmente desbordadas (a solución é meter ás presas en colectores de mercadoría modificados).

A xente morre aquí de malnutrición, non por fame, senón por obesidade. Moitas occidentais sófrena no seu día a día. A comida que comemos foi descrita como “*anti-nutritiva*” por algúns nutricionistas, importada, empacotada con materiais tóxicos, e producida por unha maquinaria de agricultura industrial masiva (solos pobres e insecticidas). A comida rápida e as chucherías non son comida. A comida que comemos non nos sana, fainos dano. O coñecemento e o proceso de cultivar e colleitar a nosa comida tamén se perdeu, xunto co proceso curativo destas actividades, a nosa conexión coa natureza e a sensación de autonomía sobre as nosas necesidades básicas e supervivencia.

Soportamos sobredoses de información - unha especie de ruído branco - totalmente banal, anestésica e paranoica. A capacidade de concentración diminuíu e a interacción humana está cada vez máis mediada pola tecnoloxía. En lugar das nosas vidas “reais” temos “realities”. As nosas conversas, así como os nosos espazos privados, son interrompidos constantemente por chamadas ao móbil, as nosas amizades mantéñense a través das mensaxes de texto e os e-mails.

Vivimos nunha cultura do medo á outra. Estamos enchufadas aos ordenadores e á televisión. A educación - coma sempre - baséase en ensinarnos a non cuestionar, a pasar exames, a aprender só

o que o goberno quere que aprendamos, a rompernos para que sexamos unha engrenaxe máis da máquina. Un informe recente da UNICEF sobre nenas no RU describiunas como as máis infelices do mundo desenvolto.

Aquí temos o estado do benestar. Temos tarxetas de crédito. Temos unha pobreza relativa, no canto de absoluta, xunto á propaganda das oportunidades e a elección.

Xa non lembramos como curarnos a nós mesmas. Mesmo se nos lembrásemos, as enfermidades producidas pola sociedade tecnoindustrial probablemente estean fóra do alcance dos remedios tradizoais, e a industrialización eliminou moitas das prantas que empregaba a menciña natural. O RU é un deserto agrícola e industrial.

Estamos suxeitas a unha vixilancia constante, aumenta o número de policía, axentes cívicos, seguratas, cámaras, furgonetas con vídeo, equipos de seguimento de audio nos McDonald's e as estacións de tren, pulseiras de seguimento electrónico, móbiles con cámaras e rastrexo de chamadas e de correo electrónico.

[bares] [tendas] [restaurantes] [parques] [comendo] [camiñando] [rúas] [centros urbanos] [bloques de oficinas] [caixeiros automáticos] [probadores] [dormitorios] [desvestindo] [vestindo] [piscinas] [portas] [autoestradas] [polideportivos] [praías] [tellados] [helicópteros] [furgonetas de vixilancia] [falando] [abrazando] [loitando] [McDonald's] [xulgados] [cafeterías] [comisarias] [teléfonos móbiles] [chorando] [bailando] [clubes] [pubs] [centros de saúde] [correndo] [empresas de taxi] [taxis] [cárceres] [corredores das escolas] [aulas] [patios das escolas] [parques infantiles] [párkings] [aeroportos] [estacións de tren] [estacións de autobús] [trens] [autobuses] [portos de ferri] [esquinas] [valos publicitarios] [webcams] [aprendendo] [viaxando] [estando quieta] [análises de movementos] [vestíbulos] [ascensores] [concellos] [Starbucks] [casas] [bancos] [barracóns do exército] [análises biométricos] [análises de patróns de grupos] [planetarios] [cines] [teatros] [ximnasia] [parques de atraccións] [causando disturbios] [polígonos industriais] [barrios de protección oficial] [gasoliñeiras] [satélites] [escaleiras] [observando] [tusindo] [metendo goles] [sorrindo] [morrendo] [roubando] [amando] [fodendo] [bicando] [agarrando] [bebendo] [quedando] [despedindo] [mercando] [fumando] [perdendo o tempo] [durmindo] [traballando] [agardando] [xogando] [rezando] [desobedecendo] [universidades] [centros comerciais] [galerías de arte] [bibliotecas] [hospitais] [vendendo] [mercados] [no RU es grabada un promedio de 300 veces ao día]

Imaxina os diferentes uniformes que patrullan as rúas, ceos, edificios e centros urbanos en Gran Bretaña e ponos todos no mesmo uniforme, digamos, un uniforme militar...

Están a introducirse sistemas de alt falantes nas zonas comerciais do RU: ladran mensaxes desde un corpo invisible que che prevén contra os carteiristas ou che di que recollas o que acabas de tirar ao chan.

Temos drogas para facernos felices - legais e ilegais -, para facernos esquecer que estamos estresadas e ansiosas, para facernos sentir cercanas a outras persoas ou simplemente para non sentir nada en absoluto, para manter a economía funcionando, para erguermos pola mañá e durmirmos pola noite. Temos terapias que nos axudan a adaptarnos a un sistema que os nosos corpos e mentes rexeitan. Se as drogas e as terapias non axudan, temos drogas máis fortes, hospitais psiquiátricos e outras prisións. O dicionario de “enfermidades mentais” está en crecemento, a maioría delas poderíanse describir de xeito sinxelo: a civilización e o rexeitamento cara a civilización.

A morte, a enfermidade ou as lesións resultantes de abusos de substancias, incluíndo o tabaco e o alcol, a actividade sexual, os accidentes de transporte, a obesidade, a contaminación, o estrés, o suicidio e as autolesións son epidémicas. A xente sí que teme polas súas vidas. Pregunta aos samaritanos. Pregunta aos milleiros de persoas que cada ano rematan nas salas de urxencias porque fixéronse dano a elas mesmas, ou beberon moito, ou non podían garantir que non se matarían antes de que rematara a noite. Pregunta a todas as mortas ou mutiladas como resultado de accidentes na estrada, insuficiencia cardíaca ou cancro.

A forma na que vivimos é de cautividade, un estado esquizoide. É interesante que moitos dos problemas de saúde mental que padecen homes e mulleres urbanas, industriais e tecnolóxicas teñen un paralelismo co comportamento dos animais en cautividade: reaccións de escape (correndo de aquí cara alá, facéndose dano ou ficando postrados sen moverse), desordes alimenticias (anorexia, bulimia, comer compulsivamente), sobre-acicalarse, balancearse e andar dun lado cara outro, automutilación, comportamento sexual anormal e comportamento estereotípico (desorde obsesiva-compulsiva), apatía, relacións anormais entre pais e fillos (abandono, infanticidio), prolongación dun comportamento infantil, incluíndo a falla de confianza social e unha agresividade incontrolada, debido á superpoboación ou ao illamento, e dirixida cara as persoas ou obxectos “equivocados” (os obxectivos correctos, os seus captores e os gardas do zoolóxico, están fóra do seu alcance). Todas escoitamos as historias de golfinhos tentando romperse a cabeza contra os cristais dos seus acuarios, e sabemos que os animais en cautividade teñen dificultades para criar, a infertilidade e os abortos son unha resposta ao estrés (tamén para moitas occidentais) ou unha “elección”, traer crías nun estado de cautividade poderíase, despois de todo, considerar como un acto estraño de crueldade.

Nos últimos anos impúxose un toque de queda á mocidade británica, non se lles deixa congregarse en grupos de máis de 2, obrígaselles a facer exames académicos á temprana idade de 7 anos, terán que pasar por unha entrevista de 200 preguntas que “defina quen son” para obter un pasaporte, son o obxectivo da draconiana Orde de Comportamento Antisocial (*ASBO, Anti-Social Behaviour Order*), tómanelles as pegadas dixitais nas escolas (moitas das cales están rodeadas por cámaras e xa non teñen corredores senón portas que teñen que ser abertas e pechadas por “profesoras”, o que fai a liberdade de movemento imposible).

Os animais en cautividade, como as humanas modernas, teñen unha vida relativamente cómoda: aliméntaselles, límpaselles, están a salvo do salvaxismo, teñen acceso a relacións sexuais, un pouco de espazo e algo de estímulo. Como na nosa “boa vida”. E aínda así, non semella que a aturen. Nós

tampouco.

Alguns aspectos da civilización son claramente unha tortura como a que se define nos manuais. Algunhas definicións de tortura mental inclúen: *“forzar á vítima a torturar a outra persoa, presenciar a tortura doutra persoa e presenciar asasinatos ou violacións...”, detención en completa escuridade, exposición a luces brillantes, exposición a barullos constantes ou privación do sono. Condicións precarias que inclúen a falla de comida, coidado médico e comunicación”* (tirado de *“Clinical Signs and Symptoms”*). Aplicar estas definicións ao xeito no que vivimos é bastante doado: secuencias violentas nos telexornais, películas e videoxogos, alienación, policía a esgalla, desinformación, exposición a luces constantes e barullos e condicións pobres - canto menos, case endémicamente estresantes - para a maioría da xente.

E o resultado:

“...a seguinte constelación de síntomas atópase con frecuencia asociada a un estresor interpersoal (por exemplo, abuso físico ou sexual a nenas, malleiras domésticas, ser tomada como refén, encarceramento... tortura): modulación afectiva diminuída, comportamento autodestrutivo e impulsivo, síntomas dissociativos, doenzas somáticas, sentimentos de inutilidade, vergoña, desesperación, desesperanza; sentirse permanentemente ferida; perda de crenzas anteriores, hostilidade, retraemento social, sentirse constantemente ameazada, relacións interpersoais deterioradas ou mudanza das características de personalidade anteriores.”

- **DSM-IV-TR: Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais da Asociación Americana de Psiquiatras, 1994)**

Ela chora. Ela detén o seu pranto, apretando dous dedos contra a ponte do seu nariz ata que as bágoas deixan de saír. Está sentada no bordo da bañeira, alumada só pola luz do corredor que se filtra pola porta. Non ten razóns para chorar. Só o fai. Só o desexa. Só está triste. Está avergoñada disto, pero ela é así. Adoitan facerlle comentarios respecto á tristeza da súa cara, cada vez que hai unha pausa na conversa, cando ela é inconsciente dos ollos que a observan. Non quere dicir que non estea leda ás veces. Ten engurras de risa. Pero a miúdo ela sente a súa risa coma se estivese a captar coa mirada un animal que cría extinto. E a súa tristeza é a tristeza dun animal atrapado, do mesmo xeito que a súa raiba, a súa letarxia, o seu odio; se non é cara o seu carcereiro, é cara as súas compañeiras reclusas, aínda que ás veces é difícil facer a distinción. Os vínculos íntimos son un tiracroio listo, unha pistola cargada sen o seguro posto.

Cóbrelle a auga turbia ata os xeonllos, preto de Chichester. Viñeron ao esteiro para nadar e a xogar. Ela, o seu medio irmán e o seu irmán. Ela leva un bikini. Azul eléctrico con bordo rosa. Ten 13 ou 14 anos. Ten seos pequenos, apenas crecidos ao seu metro cincuenta de estatura. O seu medio irmán é maior, 15 ou 16 anos, non é alto pero si robusto. Están coa auga aos xeonllos entre unha xunqueira un metro máis alta ca elas. El está a tentar conseguir que ela se quite o bikini. Ela non quere facelo. Pero el é maior, e provén dunha familia á que a súa nai admira. A rapaza cre que, dalgún xeito, ten que ceder, mesmo aínda que non lle guste estar aquí, mesmo aínda que se sinta enferma e queira chorar. Este “xogo” leva reproducíndose durante anos. Ela non quere ofendelo nin iniciar un conflito. Ela non é importante dabondo. Ela non ten ningún dereito a negarlle o que quere.

Despois, el enche o seu bikini de barro cando están a nadar, colléndolle as tetas mentras o fai, facendo coma se fose unha inocente pelexa de auga para que o seu irmán non note nada. No serán, séntanse a xantar cos padriños e a moza del. El non a mira nin lle fala, pero cando se van a durmir, el repta ata a cama dela e tenta quitarlle a roupa. Esta vez ela resístese. Ela non quere isto. Aínda agora, moitos anos despois, cando fode, cando fai o amor, cando a toca un amante, ten que apretar os dentes e resistir o impulso de golpear, empurrar ou simplemente de erguerse e correr.

Que fai a xente en cautividade, nas salas de tortura? Algunha xente mantén a mirada sobre o chan ata que a terrible experiencia remata. Pero se a situación continúa de xeito indefinido - se é todo o que coñeces -, entón a mente buscará a súa propia saída.

“Marx predixo, erroneamente, que unha profundización da miseria material levaría á revolta e á caída do capital. Non será, máis ben, que o incremento do malestar psíquico está a levar, en por si, ao reinicio da revolta, e que, de feito, esta pode ser a derradeira esperanza da resistencia?”

“A Psicología de Masas do Sufrimento” (John Zerzan)

A incidencia de autolesións entre os homes encarcerados no florecente sistema penal británico iguala á das mulleres “ceibas”. A autolesión (xunto coa violencia doméstica, o abuso de substancias e os trastornos alimenticios) é a resposta da sobrevivente á forma de tortura que se pode describir simplemente como “*a forma en que vivimos*”. A civilización e todo o que a define son, en esencia, os manuais de tortura psicolóxica aplicados a escala masiva. O comportamento de autoabuso de moitas persoas aquí no RU (tamén en Estados Unidos) ten dúas implicacións: é ao mesmo tempo un intento de sobrevivir no sistema exteriorizando todo aquilo que se nos ensinou a interiorizar, e, simultaneamente, unha compulsión de levar a cabo o proxecto do Estado, aquilo do control social e o necesario desprazamento da ira e a desesperación dende o seu obxectivo xenuíno pero nebuloso (o sistema composto polo Estado, a industria, as finanzas e o comercio), cara ao único obxectivo accesible, o individuo illado nunha cultura na que a insurrección e a insubmisión masiva son cada vez menos pensables.

Dalgún xeito, a incapacidade de tantas persoas de manter un nivel aceptable de saúde mental no noso país é alentadora. Revela a loita dun organismo vital contra as institucións opresivas e aniquiladoras do Estado e a orde económica mundial: estar ben adaptada nunha sociedade profundamente enferma non é ningún indicador de saúde. É o rexeitamento a unha forma de vida intolerable. É a incapacidade de axustarse a aquilo que é daniño e antinatural, a pesar da existencia do que John Zerzan describe como *A Sociedade Psicolóxica*, que a través da terapia e as drogas fai todo o posible para que nos adaptemos cando “*o tema central é se o mundo que reforza a nosa incapacidade para cambiar pode ser forzado a cambiar, ata deixalo irrecoñecible.*”

Só temos que entender que hai unha guerra declarada xusto aquí, agora mesmo. Se sempre cres que loitas por alguén que está peor que ti, non estás a dicir de forma implícita que ti estás mellor e, por tanto, que en realidade hai partes do capitalismo (a túa parte) que están ben?

Onde queira que esteas, hai unha guerra sen cuartel entre os imperativos capitalistas e a paixón pola vida da xente sometida a eles. A autolesión enténdese, polo xeral, como unha estratexia de aguante, ao fin e ao cabo trátase de manterse viva ante circunstancias intolerables. Sería un erro, claro está, suxerir que a autolesión é o mesmo que a resistencia, aínda que os problemas de saúde mental teñen un gran custo para a economía. É unha reacción, unha resposta e un rexeitamento. É un berro. Pero ata que non sexa politizado, seguirá a ser só un ataque da individua contra a individua.

Se a loita daquelas que sofren de problemas mentais ou emocionais non estivera tan contida, desprazada e estigmatizada ata por aquelas que se consideran “radicais”, quen sabe que tipo de sociedade forxaría esa paixón pola vida desencamiñada, esa intelixencia, ese rexeitamento. Mentres situemos ao inimigo dentro de nós, alentadas por un sistema enteiro, dende a educación ata os modelos biomédicos da enfermidade mental, e mentres sigamos vendo estes comportamentos como enfermidades das cales hai unha esperanza de cura baseada únicamente en mudar o mundo interno da enferma - no canto de derrocar o sistema -, nunca o saberemos. As sociedades capitalistas-imperialistas avanzadas foron tan eficaces, tan brillantes controlando e definindo cada aspecto da vida e a psicoloxía humanas (un préstamo da historia fascista e totalitario) que xa pouca xente é quen de ver esta situación; é omnipresente.

Creo que a maioría de xente que sofre no RU un “problema de saúde mental común”, incluíndo moita que se autolesiona (e isto inclúe calquer comportamento que non sexa saudable para a mente ou o corpo), simplemente está a revelar o estrés psicolóxico masivo causado por unha exposición prolongada ás condicións de vida baixo un sistema capitalista avanzado do cal non se pode escapar, unha ditadura eleixida, unha cultura do medo deliberada, un ambiente altamente contaminado e alienado, e un sistema omnipresente de vixilancia altamente desenvolto.

Non hai lugar seguro ao que poidamos fuxir, non hai ningún lugar a onde poidamos ir pedir asilo polas condicións baixo as cales loitamos. Occidente é, posiblemente, o final da liña. Estamos, iso ensinannos a crer, no mellor lugar que hai, o máis seguro. Moitas persoas arriscan as súas vidas para chegar aquí. Pero o trauma psicolóxico, físico, espiritual, económico, político e emocional que soportamos é, pese a esta ilusión, a esta propaganda, constante e interminable, cando a diario amoréase unha tensión tras outra, un trauma sobre outro trauma (experimentado directa ou indirectamente), medo sobre medo, elección sen sentido tras elección sen sentido. Non hai ningún lugar onde estar ben no sistema capitalista global; só hai diferentes cámaras de tortura, coas ferramentas axeitadas ao obxectivo e á etapa da batalla.

Hai unha historia de Augusto Boal, un dramaturgo brasileiro radical pioneiro do Teatro do Oprimido, que ao atoparse no exilio europeo durante os anos ‘70 comentaba que non podía entender por que a xente era tan infeliz se non sufría unha opresión política. Con todo, despois dun tempo, chegou á conclusión de que, aínda que algúns Estados europeos non eran tan abertamente opresivos, isto era porque a xente chegara a interiorizar a opresión e, ás veces, nin sequera vía a autoridade como o inimigo: a isto chamouno “*o policía interno*”.

Na relación con máis abuso que tiveron, a que me fodeu emocionalmente ata o punto no que toda a miña noción da realidade, o que sabía de min mesma e o sentido das cousas comezaron a trastocarse, sen dúbida estaba a loitar pola miña vida. El non estaba a piques de matarme coas súas mans, pero deixábame sen palabras. Cando alguén che deixa muda terxiversando todo o que ti dis e, cando lle convén, todo o que el di, tes que pelexar cos teus puños. Rara vez pelexaba contra el - só na medida na que el pelexaba contra min; el empurraba, eu losqueaba -. Pelexaba contra min mesma. Queimeime, tomei sobredoses, fendínme as bonecas, pensei no asasinato, rexeitei á xente que me quería, moitas noites bebía case ata o coma, parei de comer, rompín cousas, detivéronme, tentei morder os dedos dun policía, tentei morderme a lingua e berrei. Non foi un berro vogal. Saiu de todo o meu corpo. Un berro impactante que durou cinco minutos ata que quedei sen alento e do cal non me cría capaz. Un berro de angustia absoluta, incesante, inconsolable, atrapada, brutal, muda, impotente, histórica. Era a única cousa que podía atravesar os barrote, un son como unha man estendida sen a esperanza de que o corpo poida seguila. Era o único que quedaba por dicir...

Ese berro todavía está aí. Está en todas as que saben que están a loitar pola súa vida: as que se autolesionan, as alcólicas, as drogadictas, as parasuicidas e as suicidas, as vítimas de abusos domésticos, policiais, racistas, homófobos, as que comen pouco ou demasiado; está nas gorxas de rapazas atrapadas en familias nucleares, fogares rotos ou sen fogar e en escolas e centros de menores, nas bocas das presas e as prostitutas, nas entrañas de millóns de persoas dopadas polo Prozac, o litio e o Ritalín. Está en todas, pero algunhas están máis preto que outras dese berro e do que significa.

Se non cres que estas a loitar pola túa vida, pénsao de novo. Se sabes que non estás a loitar pola túa vida, poida que estas no lado equivocado.

“Precisamos un programa de psicociruxía e control político da nosa sociedade. O obxectivo é o control físico da mente. Todo aquel que se desvíe das normas impostas pode ser mutilado quirúrxicamente. O individuo pode pensar que a realidade máis importante é a súa propia existencia, pero isto é só o seu punto de vista persoal. Isto carece de perspectiva histórica. O home non ten dereito a desenvolver a súa propia mente.”


- Dr. José Delgado, un psiquiatra contratado pola CIA para o programa de control mental MK-ULTRA despois de ter servido ao réxime franquista.

“...os oídos dos bárbaros son sensibles unicamente ás voces que os chaman a asaltar o Imperio, a varrer o existente. A súa furia mesmo produce terror en moitos inimigos do Imperio que din querer vencelo, pero de xeito ben educado. Como bos civilizados, comparten o desacordo pero non o odio, entenden a indignación pero non a raiba; lanzan eslógan de protesta pero non berros de guerra, están preparados para derramar saliva pero non sangue... Para os bárbaros, como para os nenos, cuxa natureza aínda non foi completamente domesticada, a liberdade non comeza coa elaboración dun programa ideal senón co son inconfundible dos vidros rotos.”

- Bárbaros: A insurxencia desordenada (Crisso e Odoteo)



ESCRITO NUN ESTILO A MEDIAS ENTRE UN DIARIO PERSOAL E UN FLORILEXIO DE DATOS TÉCNICOS E REFERENCIAS ESTATÍSTICAS, **BEYOND AMNESTY (ALÉN DA AMNISTÍA)** PRETENDE SER UNHA APROXIMACIÓN Á ESCURA CONEXIÓN ENTRE O INACEPTABLE ESTILO DE VIDA DAS SOCIEDADES CAPITALISTAS POSINDUSTRIAIS E A AUTOLESIÓN, E, EN XERAL, O ABSOLUTO DETERIORO DA SAÚDE MENTAL DAS PERSOAS QUE HABITAMOS NAS URBES DOS PAÍSES OCCIDENTAIS. A TRAVÉS DAS EXPERIENCIAS DA AUTORA, O TEXTO DISECCIONA O TRAUMA, A VIOLENCIA, E O ESTADO DE ANSIEDADE E TENSIÓN QUE A ATRAVESAN NA RÚA, NOS MOVEMENTOS SOCIAIS, NAS ACCIÓNS, E A SÚA VISIÓN DA REBELIÓN E A (AUTO)DESTRUCCIÓN COMO DERRADEIRA ESCAPATORIA PERANTE O QUE DESCRIBE COMO *“UNHA SENSACIÓN POLÍTICA E EMOCIONAL DE ESTAR SITIADA, DE ESTAR BAIXO OCUPACIÓN”*.



TRADUCEN E EDITAN:

DISTRIBUIDORA ANARQUISTA POLARIS

DISTRIPOLARIS.NOBLOGS.ORG · DISTRIPOLARIS@RISEUP.NET

ABORDAXE! EDITORA ANARQUISTA

ABORDAXE.ORG · ABORDAXE@BASTARDI.NET